A IA de Google (Gemini Enterprise) ao servizo de empresas e profesionais

Descrición

Unha sesión formativa de aproximadamente catro horas dedicada á adopción estratéxica e práctica de Google Gemini Enterprise, dirixida a empresas, profesionais, entidades e administracións de calquera sector.

A sesión prestará especial atención á protección dos datos corporativos, o cumprimento do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) e o uso responsable da intelixencia artificial en contornas empresariais.

Perfil do docente

O relator da xornada para impartir por PUEDATA, que ostenta a figura de Partner oficial de Google Cloud, en colaboración co CNTG, sera **Mauro Benedetto Pazienza**, Senior training Google Specialist de PUE DATA, con mais de 20 anos de experiencia en formacion e consultoria IT en areas como administracion, desenvolvemento e big data, Mauro esta actualmente enfocado na imparticion de cursos oficiais en Google Cloud e Cloudera en toda Europa.

Traballou como formador en empresas internacionais como Telecom Italia, Bea System, Oracle University e finalmente para Cloudera University que lle concedeu como instrutor oficial de PUE, o premio Best Instrutor EMEA FY17 e FY18, ademais de ser recoñecido como best instrutor Google Cloud 2019 para EMEA.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	01/09/2026 - 08/10/2026
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Virtual

DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	08/10/2026
DATA FIN	08/10/2026
HORARIO	Horario de 16:00 a 20:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	08/10/2026 - 08/10/2026

Temario

Módulo 1. Seguridade, RGPD e arquitectura empresarial

- Diferenzas entre as ferramentas de IA de consumo e as solucións empresariais.
- Privacidade e protección da información corporativa.
- Xestión de identidades, permisos e acceso aos datos.
- Principios para unha adopción segura e responsable.
- Aspectos esenciais relacionados co cumprimento do RGPD.

Módulo 2. A IA nos fluxos de traballo cotiáns

- Gemini notebook
- Creación, resumo e transformación de documentos.
- Análise de información e apoio á toma de decisións.
- Automatización de comunicacións e tarefas repetitivas.
- Creación de Gems personalizados: asistentes de IA adaptados a diferentes funcións e necesidades profesionais.

Módulo 3. Gemini Enterprises

- Análise e síntese de documentos extensos.
- Extracción de información relevante de contratos, informes e procedementos.
- Organización e análise de datos para obter conclusións útiles.
- Preparación e adaptación de comunicacións profesionais.
- Creación de contidos para diferentes públicos e idiomas.
- Deseño inicial dun asistente de IA especializado.

Módulo 4. Adopción, retorno do investimento e preguntas

- Identificación de casos de uso con impacto real.
- Criterios para priorizar iniciativas de intelixencia artificial.
- Implantación gradual: desde unha proba piloto ata unha adopción máis ampla.
- Medición do aforro de tempo, a produtividade e o retorno do investimento.
- Preguntas e respostas.